

Anuncio polo que se lle dá publicidade a determinados acordos relativos ás probas para a obtención da certificación galega de competencias dixitais (ComDix) realizadas na edición de outubro

Santiago de Compostela. 29.11.2024

Con relación ás probas para a obtención da certificación galega de competencias dixitais, no seu nivel iniciación, realizadas os días 23, 24 e 25 de outubro nas aulas da Rede CeMIT, e convocadas de acordo coa *Resolución do 6 de agosto de 2024 pola que se anuncia a convocatoria do Programa de autoformación e das probas para a obtención do certificado de competencias dixitais ComDix no seu nivel de iniciación*,

INFÓRMASE:

Primeiro. Advertido erro na formulación da pregunta co código de referencia 242 (*Das seguintes opcións, cal é unha posible lesión derivada do uso prolongado dun teléfono intelixente?: a) Ansiedade; b) Síndrome da chamada imaxinaria; c) Nomofobia; d) Problemas de visión*), acordouse anulala e deixala sen efecto.

Segundo. Advertido erro na pregunta co código de referencia 2131 (*Indica se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: Unha presentación realizada co programa Microsoft PowerPoint é posible abrila e editala tamén co programa Impress de Libre Office*), acordouse anulala e deixala sen efecto.

Terceiro. Advertido erro na pregunta co código de referencia 2817 (*Queres buscar información sobre o novo certificado galego en competencias dixitais e a túa páxina de referencia é CeMIT. Busca en <https://cemit.xunta.gal/>, que web che indica que visites para máis información?*), acordouse anulala e deixala sen efecto.

Cuarto. Consonte o previsto no apartado 4.1.3 do Documento de Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais, as preguntas que resulten anuladas nunha convocatoria concreta non afectarán negativamente ás cualificacións obtidas por aquelas persoas que xa obtivesen a puntuación de apto/a, polo que estas correccións aplicaranse unicamente para os efectos de recualificar ás persoas que non superaron a proba.

Quinto. A lista de persoas que obtiveron a cualificación de apto/a publicouse o 19/11/2024 no enderezo <https://cemit.xunta.gal> tendo en conta xa estas tres anulacións.